



## BREVES NOTAS PARA GALICIA

|                                      | 3º TRIMESTRE 2024 |                    |
|--------------------------------------|-------------------|--------------------|
|                                      | Nº                | Var. Int.<br>24/23 |
| <b>VIAXES</b>                        | 3.728.112         | -1,4%              |
| <b>NOITES</b>                        | 26.769.161        | 8,5%               |
| <b>DURACIÓN MEDIA (días)</b>         | 7,2               | 9,9%               |
| <b>GASTO TOTAL (miles)</b>           | 1.369.322,67 €    | 3,7%               |
| <b>GASTO MEDIO DIARIO POR PERSOA</b> | 51,2 €            | -4,4%              |

Os datos da Enquisa de Turismo de Residentes do terceiro trimestre de 2024 reflicten, en liñas xerais, un comportamento positivo da actividade turística en Galicia. Recupérase a boa dinámica dos últimos trimestres de 2023 e o primeiro de 2024, con variacións de signo positivo nalgunhas das principais variables de demanda. Só se aprecia como contrapunto ao anterior certo descenso do número de viaxes e do gasto medio diario.

Amósanse a continuación as principais conclusións dos resultados da ETR para Galicia.

- Comportamento positivo do turismo de ámbito nacional en Galicia neste terceiro trimestre de 2024, cun notable incremento do volume de pernoctacións -do 8,5% en relación ao pasado ano- como consecuencia dunha mellora da estadía media -a duración media da viaxe a Galicia increméntase nun 10%- nun contexto de leve descenso do número de viaxes realizadas á nosa comunidade.
- Esta dinámica coloca os niveis de demanda, medida en volume de noites, por encima dos valores previos á pandemia, de 2019, rexistrando desta maneira un máximo da serie histórica con preto de 26,8 millóns. En termos de viaxes a perspectiva cambia pois o axuste deste ano deixa o nivel final en algo máis de 3,7 millóns, a segunda cifra máis elevada da serie histórica.
- No curto prazo obsérvase un comportamento negativo da demanda en xullo -cunha caída do 9%- e un crecemento importante en agosto -do 8%- e sobre todo en setembro -do 33% neste caso-.
- Galicia é o quinto destino elixido polos españois na súa viaxe polo territorio nacional -mellora o posto observado nos dous primeiros trimestres deste ano-, absorbendo o 8,6% do total das pernoctacións estatais. Desde o punto de vista das noites lidera o mercado Andalucía -destino máis importante, que rexistra 67,2 millóns de noites neste trimestre, o 21,7% do total realizado en España-. Seguen en orde de importancia a C. Valenciana -con 50,5 millóns de noites-, Cataluña -con 35,0 millóns- e Castela e León -primeiro destino non mediterráneo que rexistra neste período preto de 31,0 millóns de

noites neste caso-. Estes catro destinos absorben o 60% do mercado nacional neste terceiro trimestre.

- En termos dinámicos obsérvase un comportamento variable da demanda a nivel territorial. Así, o turismo nacional increméntase en seis comunidades, rexistrando Navarra o crecemento de maior intensidade -supera nun 43% o volume de noites do pasado ano-. Amosan tamén unha dinámica positiva Aragón -coa suba do 13%-, Galicia, a C. Valenciana, o País Vasco e Castela e León.
- Dúas comunidades mantéñense en niveis parellos aos do pasado ano -Madrid e Castela A Mancha- ficando os restantes destinos por debaixo dos valores do pasado ano -en cifras parellas Andalucía e con maior distancia Asturias e Extremadura -ambas presentan un descenso igual ou superior ao 20% interanual-.
- Neste contexto Galicia sitúase, por tanto, no grupo de comunidades con mellor comportamento relativo, mellorando en seis puntos o comportamento no conxunto de España -a nivel estatal o nivel de demanda sobe un 2,6%-.
- En termos de viaxes Galicia colócase en cambio no grupo de destinos con comportamento relativamente estable, mellorando incluso a dinámica de once comunidades.
- Esta dinámica leva a que soamente seis destinos consigan superar os niveis previos á pandemia, do terceiro trimestre de 2019, con distancias dispares. Galicia é neste caso a comunidade que presenta maior taxa de crecemento, isto é, a que presenta maior distancia respecto dos valores anteriores á crise. Cataluña mantense en niveis parellos mentres que os dez destinos restantes sitúanse por debaixo dos valores do terceiro trimestre de 2019, en niveis parellos a C. Valenciana e a maior distancia Extremadura e Madrid -ambas cun nivel de recuperación inferior ao 90%-.
- A duración media das viaxes con destino Galicia sitúase en 7,2 noites, cifra superior á do mesmo período do pasado ano 2023 -cando ficaba en 6,5 noites- e tamén superior á de 2019 -cando se situaba en 6,2 noites-. As variacións son neste caso importantes e de feito levan a rexistrar neste ano un máximo da serie histórica xunto co dato rexistrado en 2020 -en plena pandemia-.
- O incremento da duración media das viaxes é o factor que explica o incremento do volume de noites nun contexto no que o número de viaxes a Galicia cae un 1,4%.
- Neste punto Galicia sitúase nunha posición alta no conxunto do Estado. Rexistra en síntese a segunda cifra máis elevada só por detrás da C. Valenciana -marca 7,5 noites de media-. No lado contrario, a cifra máis baixa localízase en Madrid, cunha media de 3,4 noites.
- Sete destinos -entre os que se atopa Galicia- conseguen superar a duración media das viaxes do pasado ano 2023 -con maior intensidade Aragón-. Dous mantéñense en niveis parellos mentres que os oito restantes presentan valores inferiores aos do pasado ano -Asturias e Extremadura amosan as caídas máis destacadas, levemente superiores ao 10% interanual-.



- O 54% das viaxes corresponden ao turismo interno, isto é, aos residentes en Galicia que viaxaron pola propia comunidade. O 46% restante corresponde, por tanto, ás viaxes dos residentes no resto de España que veñen á nosa comunidade. Neste trimestre recupérase en certa maneira o equilibrio do peso dos dous mercados que se observa habitualmente no verán.
- Ambos segmentos presentan unha duración media da viaxe diferente. O viaxeiro interno fica de media 4,2 noites mentres que o nacional –que vén de fóra de Galicia- permanece 10,8 noites de media. Esta notable diferenza supón que o peso de ambos segmentos de mercado medido polo número de noites sexa diferente. Neste sentido só o 31% das pernoctacións corresponden ao mercado interno mentres que o 69% son do mercado receptor nacional.
- O comportamento de ambos segmentos é parello neste terceiro trimestre de 2024. Ambos superan o volume de pernoctacións do mesmo período do pasado ano, en proporcións variables, cun incremento do 14% para o turismo interno e do 6% para o receptor nacional.
- Ambas dinámicas explícanse por diferentes motivos. O crecemento do mercado interno débese á confluencia positiva de dous factores: crecemento do número de viaxes en Galicia –do 4%- e mellora da duración das mesmas –do 10% neste caso-. O bo comportamento do mercado receptor nacional débese en exclusiva ao incremento da duración da estadia en Galicia –sobre un 14%- pois a cifra de viaxes á nosa comunidade cae en realidade un 7%.
- Con esta dinámica ambos mercados fican tamén por encima dos valores previos á pandemia, superando en máis dun 20% os niveis de hai cinco anos.
- O 34% das noites realízanse en aloxamento de mercado –hoteis, pensións, apartamentos turísticos, vivendas de aluguer, cámping, etc- mentres que o groso da demanda, o 66% neste caso, corresponde a aloxamentos “non de mercado” –segunda residencia, casa de familiares e/ou amigos, etc-. Así pois, dúas de cada tres noites turísticas realizadas polos españois en Galicia durante este terceiro trimestre corresponde a aloxamentos fóra do mercado.
- Esta estrutura cambia levemente en comparación co observado no segundo trimestre, gañando seis puntos de peso o aloxamento de mercado –supoñía o 40% das noites de abril a xuño de 2024-.
- Ambos segmentos presentan un comportamento dispar neste período. O nivel de demanda no aloxamento de mercado descende en relación ao pasado ano –nun 7%- manténdose en todo caso por encima da cifra de 2019 –nun 27% neste caso-. Con isto este segmento rexistra algo máis de 9,2 millóns de noites agora no terceiro trimestre.
- O segmento que opta por aloxamentos “non de mercado” presenta en cambio unha dinámica positiva, cun incremento do 19% en relación ao pasado ano –para situarse igualmente por encima do nivel de 2019, superando nun 25% o nivel de hai cinco anos-.
- O gasto total realizado polos turistas españois en Galicia ascende a preto de 1.400 millóns de euros, cifra que supera nun 3,7% o dato do pasado ano e nun 53% o nivel

acadado en 2019 e marca, en consecuencia, un máximo da serie histórica. En realidade nunca antes o turismo de ámbito nacional conseguira superar os 1.350 millóns de euros de gasto total durante a viaxe a Galicia no terceiro trimestre.

- Neste punto Galicia sitúase como a cuarta comunidade máis importante en volume de gasto total, absorbendo o 5,6% do total realizado polos españois. Lideran este ranking Andalucía, a C. Valenciana e Andalucía -só estas tres representan o 33% do total do gasto realizado polos españois neste ano-.
- Un 34% do gasto total realizado polos españois corresponden a viaxes ao estranxeiro -con destino un país fóra de España-, segmento que ten menos peso na parte de viaxes, o 13% do total, e que sen embargo representan maior gasto.
- Un 22% do gasto total realizado en Galicia corresponde ao turismo interno, dos residentes na comunidade, mentres que a porcentaxe restante -o 78%- é efectuado polo turismo receptor nacional.
- Desta maneira conclúese que o turismo interno, dos residentes en Galicia, supón o 54% do total das viaxes á comunidade mais o 31% das noites e tan só o 22% do gasto total. O mercado receptor nacional co 46% das viaxes efectúa o 78% do gasto total.
- O gasto medio diario por persoa en Galicia, do turista español, sitúase en 51,2 euros, cifra que neste caso descende un 4,4% en relación ao pasado ano se ben mantense aínda por encima da cifra de 2019 -nun 22% neste caso-.
- Descende o gasto medio diario neste terceiro trimestre por vez primeira desde a pandemia se ben a cifra fica aínda por encima dos 50 euros por persoa e día. O máximo da serie histórica acadouse o pasado ano con 53,5 euros de media.
- Este dato varía en función do segmento de referencia. Así, o gasto medio diario por persoa é superior para o turista que se aloxa nalgunha modalidade "de mercado" -con 92,6 euros de media, máximo da serie histórica- fronte ao que opta por alternativas "fóra de mercado" -con 29,4 euros neste caso-.
- Cambia tamén en función da procedencia. Así o gasto medio diario do turista interno sitúase en 36,6 euros mentres que o turista que procede de fóra de Galicia gasta de media por día 57,8 euros.
- Baleares é o destino nacional que presentan maior cifra de gasto medio diario do turista español. Con 92,1 euros por persoa e día lidera o ranking neste terceiro trimestre. Seguen en orde de importancia Canarias -con 86,5 euros-, Madrid -con 77,9 euros- e o País Vasco -con 64,9 euros neste caso-. Todas elas, xunto con Asturias, superan a media estatal que neste trimestre sitúase en 62,4 euros por persoa e día.
- No lado contrario sitúanse destinos do interior peninsular -Castela A Mancha e Castela e León-, ambas con cifras inferiores aos 40 euros por persoa e día.




## ANEXO – GRÁFICAS

*Viaxes dos españois a Galicia. 3º Trimestre 2016-24*




*Peso dos mercados: interno e receptor nacional. 3º Trimestre 2024*







**Viaxes dos españois a Galicia, por orixe do turista. 3º Trimestre 2016-24**



**Distribución da demanda segundo o tipo de aloxamento. 3º Trimestre 2024**



**Gasto medio diario por persoa en Galicia. Global e por segmentos. 3º Trimestre 2024**



**Gasto medio diario dos españois a Galicia, por orixe do turista. 3º Trimestre 2016-24**

